



Concello de Portomarín

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA E BAR MUNICIPAL EN PORTOMARÍN

Expediente núm.: 205/2021

Procedemento: Procedemento Aberto

Tramitación: Urxente

Órgano contratación: Alcaldía

A presente memoria xustificativa emítese polo Alcalde-Presidente de Portomarín coma órgano de contratación conforme ao preceptuado na Disposición Adicional Segunda apartado primeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- **Análise previa:**

O Concello de Portomarín conta no seu termo municipal cunha Piscina Municipal, atópase situada na contorna do parque Parabén dentro do casco urbán da Vila de Portomarín, situada a unha distancia de aproximadamente 30 km tanto a Lugo como a Sarria.

Conta cun centro de lecer nunha contorna rural e rodeada de natureza, cunhas instalacións que ofrecerán unhas experiencias irrepitibles aos usuarios de Portomarín e arredores sin olvidar aos milleiros de peregrin@s que pasan por esta vila.

A posta en marcha deste proxecto, constituirá un aire fresco para a cidadanía que o recibirá con grandes expectativas, debido a que é un lugar especial. Esta instalación rodeada dun parque natural.

- **Obxecto:**

E obxecto da contratación da xestión do servizo público mediante a modalidade de concesión, o mantemento, explotación e aproveitamento orixinados pola prestación do Servizo Público de Piscina e Bar Municipal.

CPV: 92610000

Os servizos a prestar son os seguintes:

- * Solicitar/tramitar a correspondente autorización sanitaria de funcionamento para a instalación
- * Recepción e control de accesos a Piscina Municipal de verán.
- * Velará polo correcto uso e funcionamento das zonas de Piscinas, instalacións e equipamentos.
- * Servizo de Socorrismo, salvamento e primeiros auxilios, segundo lexislación vixente.
- * Limpeza e mantemento dos vasos, das instalacións exteriores e sala de máquinas da Piscina Municipal de verán, incluso o Plan de autocontrol.
- * Venta de bebidas, snaks, xeados, bocadillos, pinchos, etc.
- * Controis de cloro, auga, etc.

- **Xustificación da urxencia na contratación:**





Concello de Portomarín

En canto á declaración de urxencia cabe advertir que concorren as circunstancias estipuladas no artigo 119 da LCSP, ao responder a unha necesidade inaprazable e a premura do expediente está ligada a razón de interese público motivándose todo elo na proximidade das datas de execución do contrato, ligadas á apertura da piscina municipal.

- **Orzamento máximo do contrato:**

O canon de explotación mínimo anual que o contratista deberá satisfacer ao Concello é de 360€.

O Orzamento Base de Licitación no tempo de duración do contrato (CATRO ANOS) é de 1.440,00€.

A propia Dirección Xeral dos Tributos, na súa Consulta vinculante do 15 de febreiro de 2011, sostén que o canon que abonan os concesionarios de servizos públicos ás Administracións titulares de tales servizos non están suxeitos ao Imposto sobre o Valor Engadido, xa que de conformidade co previsto no artigo 7, número 9.º, da Lei 37/1992, do Impuesto sobre o Valor Engadido «a concesión para a xestión do servizo, na medida en que pode ser considerada como unha concesión administrativa, é unha operación non suxeita ao Imposto sobre o Valor Engadido. Por tanto, o canon periódico que debe satisfacer o concesionario ao Concello por a concesión administrativa non constitúe contraprestación dunha operación suxeita ao citado tributo.

- **Marco normativo:**

A modalidade contractual que se propón é a do contrato de concesión de servizos descrito no artigo 15 da LCSP, desenvolto polos artigos 287 a 297 da citada Lei.

A utilización desta modalidade de contrato radica na transferencia do risco operacional ao concesionario da explotación do servizo, dado que a Administración non garante unha rendibilidade mínima á empresa, existe un risco na demanda, xa que o número de usuarios do bar-cafetería previsto pode ser variable no tempo; debendo aboar ao concesionario un canon anual ao Concello pola explotación do servizo, ao poñer a administración ao dispor da adxudicataria as instalacións e os equipamentos mínimos necesarios, con independencia de que o concesionario teña que realizar obras de acondicionamento correspondentes e dotación do equipamento necesario. Sendo por tanto a nota característica dos contratos de concesión de servizos, -segundo a Xurisprudencia do TJUE (Sentenza 10 de marzo de 2011, Asunto Privater), a Directiva de Concesións 2014/23/UE do 26 de febreiro de 2014 trasposta ao ordenamento xurídico español na LCSP-, que o adxudicatario da concesión asume o risco da explotación económica do servizo, entendido como o risco de enfrontarse á competencia doutros operadores, o risco do desaxuste entre a oferta e a demanda dos servizos, o risco de que os ingresos non cubran os gastos de explotación, a presente proposta de contrato axústase á modalidade contractual de concesión de servizos.

- **Carencia de medios suficientes para atender o servizo:**





Concello de Portomarín

De acordo co indicado no artigo 116.4 letra f) da Lei 9/2017, do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) o Concello de Portomarín non dispón de medios persoais e materiais suficientes para cubrir as necesidades que se tratan de satisfacer a través do contrato proposto, ao non contaren o seu persoal con profesionais de hostalería, nin contemplarsela posibilidade de contratar traballadores para atender as necesidades derivadas do contrato.

- **Finalidade:**

Xestión do servizo público mediante a modalidade de concesión, o mantemento, explotación e aproveitamento orixinados pola prestación do Servizo Público de Piscina e Bar Municipal.

- **División por lotes:**

Non procede a división por lotes, que obra no expediente, polos seguintes motivos:

- a) Dificultade da correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico, xustificada en que: considérase que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo por interferencias entre as distintas empresas, dada a simplicidade e pequena entidade de aquelas.

Quere significarse que coa non división en lotes do obxecto do contrato cúmprese cos requisitos de procedemento e publicidade establecidos na normativa de contratación, e cos principios de igualdade e non discriminación establecidos na normativa de contratación.

- **Non aplicación do artigo 44 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:**

Sendo o valor estimado do contrato inferior a tres millóns de euros, non será susceptible de recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- **Cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:**

Vista a incidencia de calquera tipo de contratación sobre os gastos e ingresos da entidade, é esencial, en cumprimento dos disposto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a valoración da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira da mesma. Ao fixarse no contrato administrativo un canon concesional que o contratista debe aboar ao Concello, sen que esta Administración pague a aquel ningún concepto, a execución do mesmo afectaría aos ingresos do Concello pero non aos gastos, polo que se considera que o mesmo non ten incidencia na Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira desta Administración.





Concello de Portomarín

En Portomarín
O Alcalde-Presidente

Don Juan Carlos Serrano López

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

